



**RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE, POLA QUE SE FORMULA O INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL DA VARIANTE DE CARBALLO. 1ª FASE: AC-552 – AC-413 (DP-1905) - DP-1914, NO CONCELLO DE CARBALLO (A CORUÑA), PROMOVIDO POLA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS. (CLAVE 2022/0096)**

**Antecedentes e motivación da aplicación do procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada.**

Dentro do procedemento substantivo seguido pola Axencia Galega de Infraestruturas para o proxecto da variante de Carballo. 1ª fase: AC-552 – AC-413 (DP-1905) - DP-1914, solicitan a este órgano ambiental o inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada.

A Axencia Galega de Infraestruturas motiva no documento ambiental presentado, o sometemento do proxecto ao procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada por tratarse dun proxecto recollido no anexo II da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, concretamente no grupo 7. proxectos de infraestruturas, apartado i) construción de variantes de poboación e estradas convencionais non incluídas no anexo I, e polo tanto, incluído no artigo 7.2, apartado a (serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada os proxectos comprendidos no anexo II).

En consecuencia, o proxecto someteuse a avaliación de impacto ambiental simplificada segundo a dita Lei 21/2013, do 9 de decembro e agora procede formular o informe de impacto ambiental (IIA) de acordo co artigo 47 da lei.

**1. Obxecto do proxecto, descrición, localización, promotor e órgano substantivo**

**1.1. Obxecto do proxecto, descrición e localización**

Defínese a nivel de proxecto de trazado a variante de Carballo, cuxas características son as dunha estrada convencional con velocidade de proxecto de 80 km/h e calzada única, que terá, como mínimo, un carril por sentido e cruces con outras vías de comunicación ou servidume.

A estrada divídese en dous tramos de novo trazado: o primeiro, cunha lonxitude de 2.850 m, iníciase nunha nova glorieta situada na DP-1905 e discorre dirección NE, finalizando nunha glorieta existente na AC-552. O segundo tramo, de 800m, ten orixe na DP-1914 e final nunha nova glorieta na DP-1905, ambas conexións coas referidas estradas provinciais son de novo deseño.

As estruturas previstas no proxecto son un viaduto sobre o río Anllóns, dous pasos superiores sobre a variante no tramo entre a DP-1905 e a AC-552, un paso inferior baixo a variante entre a DP-1914 e a DP-1905, un muro de contención de escollera no tramo final da variante, na marxe dereita no punto de conexión coa AC-552, e un marco para o rego Añón, no tramo entre a DP-1905 e a AC-552.

**1.2. Promotor e órgano substantivo**

O promotor e órgano substantivo do proxecto é a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI).





## 2. Resumo da tramitación

O 13.06.2022 recíbese nesta consellería unha solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada acompañada do documento ambiental do proxecto, remitido polo órgano substantivo (AXI) para que esta dirección xeral inicie a avaliación de impacto ambiental ao abeiro da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O 28.06.2022 notificouse ao órgano substantivo o inicio do período de consultas previas, previsto no artigo 46 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Os días 20.07.2022, 31.08.2022 e 05.10.2022 reiteráronse as solicitudes de informe ás direccións xerais e organismos que aínda non contestaran.

O 26.09.2022 dáse traslado, ao órgano substantivo, do informe do Concello de Carballo, e das alegacións recibidas, para que o promotor lle de resposta.

O 04.07.2024 dáse traslado ao órgano substantivo, dos informes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e o 24.10.2024 recíbese resposta, por parte da AXI, sobre os informes enviados da dita dirección xeral

O 16.12.2024 recíbese resposta do promotor a documentación solicitada o 26.09.2022. A raíz da nova documentación presentada, solicítase ao concello de Carballo un novo informe o 07.01.2025 que é recibido nesta dirección xeral o 17.01.2025.

O 12.02.2025 solicítase á AXI que remitan a documentación que lle enviaron directamente a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e que orixinou un novo informe, para revisión e constancia no expediente do proxecto, así mesmo solicítase a dita dirección xeral aclaración sobre os informes que emitiron ao longo da tramitación do expediente.

O 13.02.2025 recíbese por parte da AXI da documentación solicitada o 12.02.2025 e o 26.03.2025 recíbese informe aclaratorio da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Na seguinte táboa figura a relación de organismos consultados en relación ao documento ambiental, sinalando cun X aqueles dos que se recibiu resposta.

Relación de consultados	Respostas recibidas
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	X
Dirección Xeral de Patrimonio Natural	X
Instituto de Estudos do Territorio	X
Augas de Galicia	X
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	X
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior	X
Concello de Carballo	X
Deputación Provincial da Coruña	X
Federación Ecoloxista Galega (FEG)	-





Relación de consultados	Respostas recibidas
Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN)	-

O documento ambiental estivo dispoñible para o público en xeral a través da páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Como resultado desa dispoñibilidade para a participación pública recibíronse ao respecto catro alegacións ás que o promotor deu resposta no documento *Informe de resposta ás alegacións e informe presentados no procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada do proxecto de trazado da actuación: variante de Carballo 1ª fase: AC-552 – AC-413 (DP-1905) – DP1914 Clave: AC/20/087.01* de decembro de 2024.

As alegacións con contido ambiental refírense á proximidade da traza ao rego Anllóns e a Rede Natura 2000 e son tratadas polo promotor no dito informe de resposta de decembro de 2024. Ademais, constan no expediente ambiental os informes favorables dos organismos competentes en cada materia e que se resumen a continuación.

Os aspectos máis relevantes das respostas recibidas resúmense a continuación:

- A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC) emite un primeiro informe, o 13.12.2022, onde sinala que no ano 2008 esa dirección xeral informou favorablemente un Estudo Informativo e Impacto Ambiental da Variante de Carballo (Clave: AC/04/158/00.), e que a proposta agora presentada recolle unha alternativa de trazado que non se corresponde coa informada anteriormente. Neste sentido, indica que a actual alternativa escollida (2) ten como base un proxecto de trazado de 2013, documento do que non consta na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais informe algún, nin tampouco a súa remisión para informe. Así mesmo, apréciase que a solución construtiva no entorno do Castro de Queixeiro é a mesma que a prevista na alternativa 1A do Estudo Informativo, non a proposta de trazado (Alternativa 1B) informada pola DXPC o 05.05.2008. Dita alternativa 1A xera un maior impacto sobre o ben patrimonial, xa que o límite do ámbito de ocupación situaríase a só 40 m do ámbito de protección integral do castro, en contraposición aos 136 m aos que descendería a Alternativa 1B.

Sinala que, de manterse a solución construtiva prevista no documento ambiental, é probable que se vexan afectadas estruturas ou restos arqueolóxicos que non son visibles a día de hoxe. O Castro de Queixeiro é un elemento catalogado, polo que calquera intervención que se pretenda realizar no seu contorno de protección ou na zona de amortecemento terá que ser autorizada pola consellería competente en materia de patrimonio cultural. No entanto, considera axeitadas as medidas protectoras de carácter xeral que se inclúen na documentación, así como a proposta de realización de sondaxes avaliativas para o ámbito de nova ocupación do trazado dentro do ámbito de respecto do Castro de Queixeiro. Esta última medida é coincidente coa proposta no informe da DXPC do 05.05.2008, pero para a alternativa (1B) máis distanciada do ámbito de protección integral do ben. Dita medida establece no seu día para a dita alternativa ante a xustificación técnica achegada, de non poder optar por unha solución construtiva que evitase totalmente o ámbito de respecto de dito xacemento. Finalmente, conclúe que de manterse a alternativa proposta no documento remitido dado que se proxecta dentro do ámbito da reserva viaria prevista no PXOM de Carballo, cómpre que se leven a cabo aquelas actuacións que garantan a protección e conservación dos restos arqueolóxicos relacionados co Castro de Queixeiro que puidesen





documentarse nas fases previas, así como levar as cabo outra seria de actuacións de carácter preventivo.

Con posterioridade, o 24.04.2024, a DXPC emite un segundo informe en relación á proposta de trazado da variante de Carballo ao seu paso polo Castro de Queixeiro, en base a unha documentación achegada polo promotor (AXI) na que se describe polo miúdo a problemática construtiva que presenta a infraestrutura proxectada. A AXI xustifica que o trazado da variante está condicionado por unha serie de actuacións previas que reducen as alternativas tecnicamente viables, que son: as vivendas existentes, o curso do rego Bértoa, a reserva de solo de infraestruturas definido no PXOM de Carballo, a necesidade de dar continuidade ós treitos xa executados e a necesidade de conectar coa AC-552 e o polígono de Bértoa. Polo tanto, os técnicos da AXI estiman que o trazado que discorre pola reserva viaria prevista no PXOM é a única solución viable, xa que calquera outra alternativa xeraría tamén unha afección a área de respecto do Castro de Queixeiro. Asemade, argumentan que o paso pola cautela do castro de Queixeiro é obrigado se se quere dar continuidade aos treitos xa executados e conectar a nova vía coa glorieta existente na AC-552. Distanciar levemente o trazado non reduciría a superficie de afección sobre a cautela e tería consecuencias moi negativas dende o punto de vista ambiental, xa que aumentaría a afección ao rego de Bértoa e ao río Anllóns, así como sobre a seguridade viaria. Asemade, no documento achegado pola AXI faise unha proposta de actuacións arqueolóxicas que consisten na realización de sondaxes arqueolóxicas avaliativas e unha escavación arqueolóxica en área, se así o indicaran os resultados das sondaxes. Ditas actuacións levaríanse a cabo unha vez obtida a titularidade dos terreos e na fase previa ao inicio das obras. O propio documento contempla, de ser oportuno, o traslado de restos, ou ben a súa consolidación e conservación in-situ, de acordo cos criterios que determine a DXPC

Sinala que, dado que non é viable tecnicamente optar por outra alternativa de trazado que minimize o impacto sobre a contorna do Castro de Queixeiro, de manterse a alternativa proposta no documento remitido (coincidente coa reserva viaria prevista no PXOM de Carballo) cómpre que se leven a cabo as medidas recollidas no seu primeiro informe, do 13.12.2022, así como outra serie de consideracións que se recollen no condicionado deste IIA.

O informe finaliza indicando que non lle constan fose remitido para informe o proxecto de trazado e/ou construción correspondente, polo que esa DXPC non puido emitir informe e establecer as medidas protectoras e correctoras que fose necesario para o resto do trazado, polo que que deberá achegarse para informe previsto no Artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

En todo caso, a autorización que contempla o Artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, das actuacións previstas na contorna do Castro de Queixeiro (GA15019013) (Carballo, A Coruña), debería condicionarse aos resultados das actuacións arqueolóxicas establecidas na contorna de protección do ben (sondaxes e escavación arqueolóxica), así como á adopción doutras medidas que fose necesario establecer e levar a cabo en función dos resultados dos traballos.

Á vista destes dous últimos parágrafos, solicítase aclaración á DXPC, que emite un novo informe aclaratorio o 25.03.2025 sinalando que dá por cumprido o requirido nos ditos parágrafos do seu informe do 24.04.2024.

No relativo á solución construtiva na contorna do Castro de Queixeiro, reitérase o sinalado nos informes previos e, polo tanto, na fase previa ao inicio das obras deberá achegarse o





proxecto de intervención arqueolóxica específico para autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural (DXPN) no seu informe, repasa os antecedentes administrativos e resume as características do proxecto. Seguidamente indica que o proxecto non se localiza en ningún espazo natural protexido dos recollidos na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, nin na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Descarta tamén a afección a zonas húmidas rexistradas e a árbores senlleiras, así como ás áreas prioritarias para a avifauna ameazada e/ou zonas de protección das publicadas na Resolución do 18 de outubro de 2021 da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Signala que, de conformidade co *Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005)*, na zona de actuación localízanse teselas con hábitats de interese comunitario e/ou naturais prioritarios cos seguintes códigos 3260, 4090, 6430 e 91E0\*.

Recolle que, de acordo coa información dispoñible na DXPN, as cuadrículas nas que se inclúe o ámbito de actuación do proxecto correspóndense coa área de distribución de varias especies protexidas, incluídas no Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA). No entanto, salienta que o listado de especies facilitado no informe refírese a unha cuadrícula de 10x10 km, polo que unicamente proporciona unha primeira aproximación de cara á realización da análise.

En canto á análise do proxecto presentado, indica que a variante prevista ten que cruzar o río Anllóns, declarado ZEC augas abaixo. Considera que o maior risco atópase asociado aos efectos das obras sobre o curso fluvial. No entanto, a alternativa proposta supón unha mínima afección e o promotor presenta un detallado inventario de campo, así como medidas preventivas que garanten a viabilidade das obras coa mínima afección ao medio. Con respecto aos hábitats de interese comunitario e especies protexidas, non prevé afeccións significativas sobre eles.

Como conclusión, e á vista da análise das actuacións proxectadas, considera que non é previsible que o proxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, sempre e cando se garanta o cumprimento das medidas previstas no documento ambiental e as contempladas no seu informe, que se recollen no condicionado do presente documento.

- O Instituto de Estudos do Territorio (IET) emite un informe no que recolle o marco legal e a descrición das características do proxecto avaliado no documento ambiental. Signala que este inclúe no apéndice II un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP). A continuación caracteriza a paisaxe afectada polo proxecto e indica que a construción dunha nova estrada implicará a desaparición das coberturas de solo existente, se ben, as medidas de integración paisaxística recollidas no EIIP, xunto coas medidas de restauración vexetal que se propoñen no anexo IV, resultan adecuadas para garantir unha correcta integración paisaxística.

Como conclusión, o IET informa que o proxecto non provocará un impacto paisaxístico significativo.

- Augas de Galicia emite un informe no que relata os antecedentes administrativos do proxecto, cita a lexislación aplicable e analiza a documentación remitida. Informan en relación á rede fluvial do ámbito de estudo e indican que este se atopa dentro do sistema de





explotación N<sup>o</sup>10: "RÍO ANLLÓNS, COSTA DE A CORUÑA ATA LÍMITE DE ARTEIXO" e que, logo de consultar o visor de Augas de Galicia, figuran dez canles grafadas no ámbito do proxecto, entre as que se atopan o Río Anllóns o Rego de Bértoa e o Rego do Añón, sendo o resto canles innominadas.

Sinala que as actuacións proxectadas atópanse en zona de policía de leitos, polo que será necesaria a tramitación por parte do promotor da perceptiva autorización perante ese organismo de bacía. Tanto o Rego de Bértoa e o Río Anllóns, na zona norte do ámbito, como o Rego do Añón, na zona sur, son interceptados pola traza proxectada. Ditas intercepcións resólvense mediante un viaduto de 340 metros de lonxitude (as dúas primeiras) e, a última delas, mediante un marco de formigón estruturado en dous tramos de 59 e 7 metros.

Indica que no ámbito de actuación e na súa contorna atópanse as zonas protexidas incluídas no Catálogo de Zonas Protexidas do Plan Hidrolóxico Galicia Costa (PHGC): *ZEC Río Anllóns, Augas minerotermais perímetro: Balneario de Carballo, ZEPVN Río Anllóns e Captación para abastecemento humano Añón (0)*.

Ao respecto das zonas inundables, indica que o ámbito non está afectado por ningunha Área de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI).

O promotor expón que, para evitar o incremento localizado de partículas, prevé a realización de regas con auga para a estabilización do po, realizando estas regas mediante mangueiras e/ou camións cuba. Sen embargo, non se indica a procedencia destas augas nin os consumos previstos. Neste sentido, infórmase que calquera aproveitamento de augas requirirá a súa inscrición no Libro de Rexistro de Augas como uso privativo. No que respecta aos aproveitamentos hídricos, na documentación aportada non se fai referencia a afeccións a captacións de auga, pero si consta unha captación de índole particular na contorna do ámbito de actuación.

Para finalizar o informe, inclúense unha serie de criterios técnicos a ter en conta para a actuación proposta e garantir en todo momento a non afección ao medio fluvial, e conclúe que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos sobre o dominio público hidráulico, sempre que se teñan en conta as medidas protectoras e correctoras previstas polo promotor no documento ambiental e as consideracións indicadas no seu informe, que se recollen no condicionado deste IIA.

- A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo fai un breve resumo do proxecto, sinala que o municipio de Carballo conta con PXOM aprobado e que o trazado discorre por terreos clasificados como solo urbano, solo de núcleo rural e solo rústico de diferentes categorías e especial protección. Non obstante, a meirande parte dos terreos abranguidos na solución aportada atópanse dentro da reserva de infraestruturas previstas no PXOM.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes no proxecto é baixo. Tamén sinala que se o proxecto se vise afectado polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia (decreto que a data de hoxe está derogado polo Decreto 172/2022, do 6 de outubro, polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas), o titular deberá elaborar e implantar o plan de autoprotección, e que deberá acompañar ós restantes documentos necesarios para o







outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.

O Concello de Carballo emite un primeiro informe no que sinala os antecedentes, o obxecto do informe e pasa a analizar o documento ambiental.

O informe céntrase en analizar as repercusións urbanísticas do trazado sobre o PXOM, sinalando que o trazado é sensiblemente coincidente co antedito plan xeral, agás no núcleo de Porto da Rama, onde se indica que un noiro proxectado afecta a unha edificación situada en terreos clasificados como solo de núcleo rural de tipo común. Continuando co trazado cara o sur, a vía proxectada coincide practicamente co que consta no PXOM con algún axuste en zonas nas que se sitúa algún camiño municipal. Por último, o informe sinala que, no que denominan tramo 3, prodúcense as maiores discrepancias, en especial na glorieta de enlace coa estrada DP-1905 e na vía municipal de acceso ao cemiterio municipal.

Indica que, en base o disposto no artigo 23.1 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o proxecto da variante unha vez aprobado definitivamente terá a consideración de proxecto de interese autonómico e, polo tanto, prevalecerá sobre as determinacións do PXOM de Carballo.

O informe continúa analizando a documentación no relativo ao impacto acústico e as medidas correctoras propostas, concluíndo que estas son adecuadas, debendo atender á Ordenanza de contaminación acústica do Concello de Carballo.

O último apartado do informe trata sobre a accesibilidade transversal da estrada, que é avaliada na documentación, e o propio concello realiza un estudo específico no que consideran que hay aspectos que poden ser mellorados:

- Paso inferior eixo 20+310: Córtase a rúa do Cemiterio que dá acceso dende a estrada DP-1905 ao Cemiterio Municipal ao núcleo de A Brea e á estrada DP-1914. A solución proposta neste caso non semella moi adecuada, sendo máis conveniente non interromper a continuidade da rúa Cemiterio.
- Glorieta DP-1905: Impide o xiro dos vehículos en especial do transporte escolar cara ao núcleo urbano de Carballo obrigando a continuar cara á Silva-Ordes. A solución pasa por entroncar nun punto anterior á rotonda permitindo así o acceso á Vila de Carballo.
- Interrupción de dous viarios municipais de servizo a parcelas rústicas, que se pode evitar mediante un paso elevado.
- Solucionar a continuidade peonil no encontro da variante coa glorieta da estrada AC 552.

Estes aspectos son desenvoltos con maior detalle nun documento anexo ao informe.

En resposta ao informe, o promotor presentou un escrito no que avalía detalladamente os catro puntos especificados, e propónse atender a mellora da accesibilidade dos núcleos existentes nas proximidades do treito da variante, entre a DP-1914 e a DP-1905, na contorna do cemiterio, modificando unha vía de servizo e xerando un novo acceso na glorieta da DP-1905. Descarta a petición para executar un novo paso superior para unir dous camiños





agrarios e propónse manter o itinerario peonil pola marxe da glorieta, seguindo a senda existente.

En relación co anterior, o Concello de Carballo emite un segundo informe no que analiza as propostas aportadas pola AXI e sinala que se dá solución aos principais problemas expostos, propoñendo continuar coa tramitación ambiental.

- A Deputación Provincial da Coruña a través do Servizo de Vías e Obras, informa que as estradas da súa titularidade afectadas polo proxecto son a DP-1914 e a DP-1905. Concretamente, a afección sobre estas vías darase pola creación dunha glorieta nas interseccións da variante con cada unha das estradas provinciais mencionadas. Sinalan que deberá incluírse no proxecto construtivo a definición completa das interseccións proxectadas. Así mesmo, deberase cumprir a Orde do 23 de maio de 2019 pola que se regulan os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo.

En relación cos bens patrimoniais de titularidade provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación informa que a Deputación non é titular de ningún inmovible no concello de Carballo.

### 3. Análise segundo os criterios do anexo III

Logo de analizar toda a documentación que obra no expediente e considerar as respostas recibidas nas consultas practicadas, que tamén forman parte do expediente, co fin de determinar de xeito motivado sobre os posibles efectos adversos significativos do proxecto sobre o medio ambiente e a necesidade de sometelo a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria, a continuación resúmese a análise realizada en relación cos criterios recollidos no anexo III da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

#### 3.1. Características do proxecto


Proxéctase unha estrada de novo trazado, integramente no concello de Carballo, que reúne as características dunha estrada convencional, con velocidade de proxecto 80 km/ h.

En planta, o trazado da nova estrada estrutúrase en dous tramos, que teñen orixe e final nas interseccións a nivel proxectadas en forma de glorieta e na glorieta existente na AC-552.

- Tramo DP-1914 – DP-1905. O tramo de novo trazado, de 800 metros de lonxitude, iníciase coa construción dunha nova glorieta na DP-1914. Dende esta nova glorieta a estrada parte en dirección NE mediante unha aliñación recta, vira cara ao E mediante unha aliñación circular de radio 350 metros e continúa cunha nova aliñación recta. O tramo finaliza coa construción dunha nova glorieta na DP-1905.
- Tramo DP-1905 (AC-413) – AC-552. Este tramo de novo trazado, de 2.850 metros de lonxitude, iníciase na nova glorieta situada na DP-1905, da que parte con dirección NE, tras unha primeira aliñación recta xira cara ao norte cunha aliñación circular de radio 800 metros, discorrendo durante aproximadamente 1 km a través dunha aliñación recta situada ao leste do núcleo urbano de Carballo. A partir deste punto vira de novo cara ao oeste, cun radio 530 metros para enfiar o cruzamento do val do Anllóns mediante un viaduto de 340 metros. O tramo finaliza na glorieta existente na AC 552, que permite conectar co polígono de Bértoa e coa ligazón Carballo Norte da AG-55.







Planta de situación do trazado. Fonte: Documento ambiental

Mediante o trazado deseñado faise necesario executar as seguinte estruturas:

- Viaduto do río Anllóns, cunha lonxitude de 340 metros deseñado mediante un tableiro de vigas con 10 vans con luces que alcanzan os 35 metros.
- Paso superior no tramo DP-1905 a AC-552 no p.q. 1+540, con un van de 24 m de luz.
- Paso superior no tramo DP-1905 a AC-552 no p.q. 2+010 con un van de 24 m de luz.
- Paso inferior no tramo DP-1914 a DP-1905 no p.q. 0+310 definido como un caixón de lonxitude de 16,64 m.
- Muro de contención ao final do tramo, na chegada á glorieta da AC-552, na zona coincidente co rego de Bértoa.





- Marco rego Añón, no tramo DP-1905 a AC-552, definido como un caixón estruturado en dous tramos, de 59 e 7 m para permitir executar os terrapléns da variante e dun camiño de servizo contiguo.

A raíz da solicitude realizada polo concello de Carballo no seu informe, concretáronse unha serie de pequenos cambios na traza, entre os que se atopa a prolongación da vía de servizo ata o paso inferior anteriormente citado para evitar o xiro dos vehículos na zona da pista polideportiva, e por outro, conectarase ao leste directamente coa glorieta da DP-1905, permitindo facer un xiro a esquerda ou cambio de sentido, sen que sexa obrigatorio continuar en dirección A Silva – Ordes, xerando así un novo acceso á glorieta en condicións óptimas de seguridade viaria.

### 3.2 . Localización do proxecto e sensibilidade medioambiental da área

O trazado da nova estrada discorrerá polo leste do núcleo de Carballo. Trátase dun territorio de pendentes moderadas, onde os núcleos de poboación son de pequena entidade e se distribúen de forma dispersa. De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Chairas e Fosas Occidentais, na comarca paisaxística Bergantiños.

Dende o punto de vista hidrolóxico, a zona obxecto do proxecto pertence á Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, concretamente intégrase dentro do sistema de explotación N<sup>o</sup>10: *Río Anllóns, Costa de A Coruña ata límite de Arteixo*.

O ámbito enmárcase na cunca fluvial do río Anllóns, que discorre ao norte do ámbito de actuación en dirección noroeste-sureste. Tanto esta canle como o seu afluente rego de Bértoa veranse intersectadas polo enlace previsto en dous puntos próximos ao seu encontro. Polo sur, discorre o rego de Añón, tamén afluente do Anllóns, que se verá afectado polo cruce da infraestrutura no seu tramo final.

En canto á vexetación presente na zona, na contorna do proxecto predominan os aproveitamentos forestais intensivos de *Pinus Pinaster* e de *Eucalyptus globulus*, entre as que se alternan algúns pradairos e pequenas zonas de matogueira, así como bosquetes de carballo, que constituirían a vexetación potencial do ámbito. Asemade, varios tramos do curso do Anllóns presentan bosques aluviais de *Alnus glutinos* e *Fraxinus excelsior*, que constitúen o hábitat prioritario 91E0\*.

No relativo á fauna, no documento ambiental sinálase a presenza de varias especies no ámbito do proxecto, detectadas en base á realización de prospeccións de campo durante o ano 2021. Así, entre os anfibios, confirmouse a presenza de *Salamandra salamandra* e exemplares de *Discoglossus galganoi*, *Rana temporaria parvipalmata* e *Rana iberica*, entre outros. Así mesmo, pódese considerar presente na zona a *Hylla molleri*, incluída no CGEA, e *Chioglossa lusitanica*, *Rana temporaria parvipalmata* e *Rana iberica*, como especies vulnerables. A Dirección Xeral de Patrimonio natural engade ademais, na súa análise, *Hyla arborea*, tamén catalogada como vulnerable. En canto aos réptiles, segundo a bibliografía e a cartografía 10x10km antes sinalada, poden presentarse no ámbito *Chalcides striatus*, *Anguis fragilis*, *Timon lepidus*, *Lacerta schreiberi*, *Podarcis bocagei*, *Coronella austriaca*, *Coronella girondica*, *Natrix astreptophora* e *Vipera seoanei*.

Nas prospeccións realizadas detectouse a presenza de numerosas aves no entorno do proxecto, ningunha das cales se atopa incluída no Catálogo Galego de Especies Ameazadas





(CGEA), se ben a Dirección Xeral de Patrimonio Natural sinala no seu informe a posible presenza, na cuadrícula 10x10km, das especies *Circus cyaneus*, *Circus pygargus*, *Milvus milvus* e *Numenius arquata*, as dúas primeiras catalogadas como vulnerables e as dúas últimas en perigo de extinción segundo o indicado no CGEA. Finalmente, no que respecta aos mamíferos, poden estar presentes *Galemys pyrenaicus*, *Rhinolophus ferrumequinum* e *Rhinolophus hipposideros*, catalogadas como vulnerables polo CGEA.

No referido ao patrimonio cultural, no ámbito do proxecto e na súa contorna próxima, destaca o Castro de Queixeiro, posto que a vía proxectada transcorre polo ámbito de respecto do elemento delimitado no PXOM, a pouca distancia do seu ámbito de protección integral e dos elementos visibles que configuran do ben.

### 3.3. Características do potencial impacto

En relación ás alternativas estudadas no documento ambiental, incluíronse a alternativa 0, ou de non actuación, a alternativa 1, correspondente cun anterior proxecto proposto no ano 2013, e a alternativa 2 que parte de alternativa anterior, pero resolvendo o deseño de todos os enlaces coas estradas principais mediante glorietas a nivel. Isto supón axustes locais nas rasantes, se ben a ocupación da planta mantense na maioría do trazado dentro da reserva de infraestruturas previstas no PXOM.

No que se refire ao tamaño e características do proxecto, a construción da nova variante implicará a desaparición das actuais coberturas de solo existentes ao substituílas pola infraestrutura prevista. No entanto, o trazado da nova estrada estrutúrase en dous tramos de lonxitude non moi elevada (800 e 2.850 m) que conectan con vías xa existentes no entorno do núcleo urbano de Carballo.

En referencia á afección á poboación, durante a fase de obra, a circulación e o funcionamento da maquinaria, así como os distintos labores propios de obra, xerarán uns niveis de ruído, po e gases de combustión que poderían afectar á poboación máis exposta se non se toman medidas preventivas ou correctoras oportunas. Na fase de explotación, o aumento dos niveis de ruído produciranse de forma continuada, estendéndose cara as zonas lindes e se manterá durante toda a vida útil do proxecto. O documento ambiental achega unha modelización predictiva dos niveis acústicos orixinados polo foco sonoro que suporá a futura infraestrutura nas 6 zonas residenciais máis próximas, así como para o parque empresarial de Bértoa (punto 7). Os resultados obtidos indican que, na fase operacional, poden superarse os obxectivos de calidade exterior e límites de inmisión en varios deses puntos, cunha intensidade moderada. Con todo, a proposta de medidas correctoras prevista e os controis recollidos tanto no documento ambiental como no condicionado deste IIA, minimizarían os efectos detectados.

Non é previsible que se xeren efectos significativos sobre o patrimonio natural e a biodiversidade, tal e como informa a dirección xeral competente na materia, que conclúe que o proxecto é compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, sempre que se adopten as medidas establecidas no seu informe e que se inclúen no condicionado deste IIA.

No referido ao patrimonio cultural, tal como se ten sinalado, o trazado previsto para o tramo da variante que finaliza na glorieta existente AC-552, podería supoñer unha afección ao elemento catalogado Castro de Queixeiro, xa que discorre polo seu ámbito de protección. Neste sentido, ademais das medidas preventivas recollidas no documento ambiental, a DXPC





establece unha serie de actuacións para garantir a salvagarda dos restos relacionados co ben catalogado que se puideran ver afectados polo proxecto, e que se relacionan no condicionado deste informe de impacto ambiental (IIA).

Respecto á afección aos cursos de auga, de acordo co informado polo órgano de conca competente, non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos sobre o DPH, sempre que se teñan en conta as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar no documento ambiental, así como as consideracións recollidas no informe de Augas de Galicia, que se trasladan ao condicionado deste IIA.

No tocante á paisaxe producirase un impacto paisaxístico característico deste tipo de infraestruturas, que implica a desaparición de coberturas de solo existentes ao substituír ás actuais cubertas de arboredo e pasto pola nova infraestructura. Se ben, as medidas contempladas no Estudo de impacto a integración paisaxística e na documentación resultan correctas e suficientes para garantir a integración paisaxística da nova estrada.

Dende o punto de vista de emisións á atmosfera, agárdase un aumento puntual das emisións de gases de efecto invernadoiro, de po e de ruído tanto nas fases de construción como de explotación da infraestructura. Polo tanto, o titular deberá cumprir a normativa vixente en materia de ruído, calidade do aire e emisións á atmosfera, así como as medidas recollidas no condicionado deste IIA.

No referido aos residuos non se agardan afeccións negativas, sempre e cando se leve a cabo unha axeitada xestión dos residuos xerados para evitar calquera situación accidental que poida supoñer un vertido ao medio. Prestarase especial atención ao almacenamento e tratamento dos mesmos durante a fase de execución.

Non se detectan riscos de accidentes significativos con potencial afección ao medio derivados das actuacións propostas polo proxecto. Ademais, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior informa favorablemente, considerando que as medidas preventivas e correctivas contempladas son correctas.

#### 4 . Condicións ambientais

No desenvolvemento do proxecto aplicaranse as medidas protectoras, correctoras, así como o seguimento ambiental destas e propostas na documentación presentada polo promotor na tramitación ambiental, así como as condicións que se indican a continuación que complementan, matizan ou subliñan as anteriores. Inclúense nelas as condicións específicas dispostas polos distintos organismos na fase de consultas e cumpriran tamén as que, se é o caso, determinen posteriormente nos correspondentes permisos, licenzas, autorizacións ou concesións.

#### Protección da atmosfera, poboación e saúde

- Co fin de minimizar a emisión de po durante a fase de obras, nos períodos de seca procederase á rega dos vieiros e das superficies onde se estean a realizar escavacións ou movementos de terras. Ao comezo das obras deberán terse dispostos na zona os medios necesarios para tal fin.







- Os camións que transporten terras ou outros materiais que poidan xerar po, deberán ir cubertos con lonas ou dispositivo similar. Así mesmo procederase, no caso de ser necesario, ao lavado das rodas dos camións á saída da zona de obras.
- Os niveis de presión sonora e vibracións debidos á construción e explotación da estrada deberán cumprir coa normativa vixente, tendo en conta que no caso de que se superen os límites legalmente establecidos teranse que adoptar as medidas protectoras ou correctoras oportunas.
- A maquinaria a empregar cumprirá coa normativa de emisións que lle resulte de aplicación, debendo dispor de documentación acreditativa ao respecto, así como a ITV en vigor.

### Protección das augas e dos leitos fluviais

- As obras de drenaxe necesarias proxectaranse segundo a Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa. A este particular, considérase axeitado o período de retorno adoptado para o deseño das distintas obras de drenaxe transversal (T500). No entanto, para o caso da drenaxe lonxitudinal, non se aporta información a este respecto, debéndose xustificar (no referido procedemento de autorización) o período de retorno utilizado, atendendo ás peculiaridades da zona e ás características das infraestruturas (tránsito, importancia...), así como a súa afección ao dominio público hidráulico.
- Na zona norte do ámbito, a parte final da traza proxectada discorre relativamente próxima ao *Rego de Bértoa*, existindo incluso, certa tendencia ao paralelismo (circunstancia a evitar) entre o eixo da estrada e a canle. Por tales motivos, nesa zona é preciso intensificar as medidas preventivas destinadas á protección do medio fluvial, debéndose estender, cando menos, a instalación das barreiras de retención propostas a toda a marxe dereita do terraplén de conexión entre o viaduto e a glorieta final.
- En todo caso, deberase asegurar que a parte final da marxe dereita do referido terraplén mantén expedita por completo a zona de servidume do referido leito, dado que, segundo o establecido no artigo 7.3 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, na zona de servidume de leitos *con carácter xeral non se poderá realizar ningún tipo de construción nesta zona salvo que resulte conveniente ou necesaria para o uso do dominio público hidráulico ou para a súa conservación e restauración.*
- Con carácter xeral, deberanse propugnar medidas preventivas para evitar que, especialmente en días de choiva, os posibles arrastres de terras poidan ser incorporados ao medio natural, ben directamente ou a través das redes de drenaxe existentes e de aí ao medio natural, como, por exemplo, situar os amoreamentos de materiais, e sobre todo de residuos, en zonas sen pendente e sen interferir nas vías naturais de escorremento e evitando as zonas próximas ás canles (sen ocupar nunca a zona de servidume nin as zonas inundables e preferiblemente fora da zona de policía), prever a implantación de métodos de contención de sedimentos como barreiras de retención ou balsas de decantación e mesmo, de ser necesario, prohibir a execución de traballos de movemento de terras nos días de fortes choivas. Nesta mesmo sentido, sería conveniente nos traballos de restauración vexetal minimizar ao





máximo o lapso temporal entre o estendido da terra vexetal e o hidrosementado e plantacións.

- A reincorporación das augas pluviais interceptadas polos elementos de drenaxe ao medio natural deberá ser gradual, debéndose implantar, se fose necesario, as medidas oportunas a tal efecto, como por exemplo a disposición no punto de incorporación de sistemas protectores e/ou de disipación de enerxía co fin de evitar fenómenos erosivos, arrastres de materiais, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de evacuación das augas. Ademais, respectaranse as distintas concas vertentes ás valgadas, evitando engadir a unha vagada áreas vertentes superiores en máis dun 10% á superficie da bacía propia.
- Calquera vertido ao dominio público hidráulico ou ás augas continentais, de forma directa ou indirecta, deberá contar coa preceptiva autorización deste organismo de bacía, nos termos establecidos nos artigos 100 e seguintes do Texto Refundido da Lei de Augas e nos artigos 245 e seguintes do Regulamento do dominio público hidráulico, e realizarse ao amparo dos seus condicionantes.

### Xestión de residuos

- Como norma xeral, adoptaranse as medidas técnicas e economicamente viables para reducir a cantidade de residuos xerados.
- Todos os residuos que se xeren deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando o reemprego ou reciclaxe fronte á eliminación en vertedoiro.
- Lémbrese que debe respectarse en todo momento o principio de xerarquía na xestión dos residuos de tal xeito que os residuos valorizables non poden ser eliminados nun vertedoiro.
- De ser necesaria a realización de almacenamentos temporais de residuos, adaptaranse as medidas oportunas co obxecto de que os residuos se almacenen en condicións axeitadas de hixiene, seguridade e segregación, evitando en todo caso producir afeccións ao medio ambiente.
- As zonas de almacenamento de residuos, así como os seus colectores, manteranse correctamente etiquetados, sinalizados e en correcto estado de mantemento e limpeza.
- Queda prohibida a queima de restos ou calquera outro tipo de material durante as fases de construción e funcionamento.
- Ao finalizar as obras, e antes do inicio da fase de explotación, deberase ter retirado e xestionado a totalidade dos residuos de obra.

### Protección da fauna e da vexetación e outros valores naturais

- Vista a posible presenza de fauna catalogada no ámbito do proxecto, previamente ao inicio dos traballos, será comprobada a ausencia, na zona concreta da actuación de especies protexidas que poidan ser danadas. De atoparse ou demostrarse a







existencia de especies incluídas no CGEA na zona onde se pretende actuar, prohibese calquera actuación que lles afecte. No suposto de verse afectadas, comunicárase ao Servizo de Patrimonio Natural da Coruña, para tomar as medidas oportunas e, no seu caso, solicitar a correspondente autorización administrativa, segundo recolle o artigo 11 do Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas (modificado polo Decreto 167/2011, de 4 de agosto).

- A execución das operacións de despexe e roza da vexetación é conveniente que se realicen fóra da época de cría das aves presentes no ámbito, por ser este o período máis representativo e delicado para estas especies.
- Porase especial coidado en delimitar o terreo a ocupar polas obras así como usar as vías de acceso existentes para o tránsito de maquinaria, co fin de minimizar a alteración dos hábitats existentes no entorno, especialmente no que se refire a hábitats naturais de interese comunitario prioritarios. En consecuencia, non se producirá ningunha alteración, nin remoción do solo natural fora do ámbito de influencia da zona obxecto das actuacións.
- Tendo en conta a existencia de ríos e regos no ámbito da actuación, deberán respectarse os condicionantes da Lei 2/2021, de 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, e o Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación de pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, especialmente no referido á conservación do arborado de ribeira e á alteración da calidade das augas. A este respecto, enuméranse a continuación as principais medidas concretas a cumprir:
  - Evitarase o depósito de residuos ou produtos sólidos en zonas onde os escoamentos produzan arrastres aos cursos fluviais, coa conseguinte contaminación de augas continentais.
  - Queda prohibida calquera vertedura de material contaminante ás augas do río (cemento, formigóns, alcatrán, pintura, etc). Así mesmo, tomaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derrames accidentais dos depósitos de almacenamento de produtos como aceites, graxas e carburantes de motores.
  - Todas as augas que saian das zonas de instalacións das obras, derivaranse e someteranse a un sistema de desbaste e decantación de sólidos. Así mesmo, todas as augas procedentes dos formigonados derivaranse e someteranse a un sistema de desbaste e decantación de sólidos, regulación do pH e eliminación de aceites e graxas.
  - Durante a realización dos traballos non se producirán arrastres nin enturbamentos das augas continentais susceptibles de ser afectadas. En todo caso, prohibese calquera tipo de vertido que poida afectar á calidade das augas continentais, polo que as augas continentais susceptibles de ser afectadas polos vertidos ou actuacións das obras, deberán cumprir en todo momento (incluso na época de estiaxe), os límites establecido polo organismo de conca sobra a calidade das augas.





- Tendo en conta que a vexetación de ribeira exerce un control significativo sobre o ecosistema fluvial, as actuacións sobre a vexetación arbórea de ribeira deben limitarse á estritamente necesaria.

- Calquera tipo de restauración vexetal ou axardinamento que se realice deberá levarse a cabo con especies autóctonas e presentes no entorno, garantindo a integración coa paisaxe e os valores naturais do lugar. En ningún caso se utilizarán especies exóticas invasoras.
- Preveranse zonas de provisión e préstamos. Os vertedoiros permanentes e temporais de terras e as instalacións auxiliares situaranse en zonas de mínima afección ecolóxica, paisaxística e de pouco interese natural.
- Establecerase a recollida, almacenamento, conservación e/ou xestión da terra vexetal afectada polas obras. Dada a importancia do solo vexetal, por conter as características da zona, este será empregado na recuperación de zonas degradadas. Non obstante o anterior, nos movementos de terras deberán poñerse en marcha todos os medios posibles para evitar a introdución ou dispersión das especies exóticas invasoras que aparecen recollidas no Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula Catálogo Español de especies exóticas invasoras.
- Se durante a execución e explotación do proxecto se detecta ou demostra calquera afección significativa sobre os valores naturais da zona, tomaranse inmediatamente as medidas adecuadas para paliar a dita afección e será, o Servizo de Patrimonio Natural da Coruña, quen decidirá sobre a conveniencia da solución a adoptar, así como as actuacións precisas ou as medidas compensatorias adecuadas para corrixir os efectos producidos.

### Protección do patrimonio cultural

- Cómpre que se leven a cabo as actuacións necesarias que garantan a documentación integral dos restos que puidesen existir no ámbito de ocupación e no seu entorno inmediato. Ditas medidas poderían supor, ademais das actuacións de carácter avaliativo previas, a realización de escavacións arqueolóxicas en área do ámbito de ocupación localizado dentro da delimitación do ben no PXOM, o traslado de restos se fose preciso ou ben a súa consolidación e conservación in situ; independentemente dos axustes ou modificacións que fose necesario levar a cabo no proxecto de construción (redución da ocupación en planta, prolongación do viaduto, etc). En todo caso, as medidas que se leven a cabo deben garantir a protección e salvagarda do ben e de aqueles elementos relacionados con el, aínda que a día de hoxe non sexan visibles en superficie.
- As actuacións arqueolóxicas serán realizadas por técnicos/as arqueólogos/as de acordo cun proxecto presentado polo promotor da obra, que deberá ser autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, tal e como se estipula no Artigo 96 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia e no Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. O deseño e execución dos proxectos coordinarase con esta dirección xeral.
- O proxecto de intervención arqueolóxica debe conter un programa detallado e coherente que acredite a conveniencia e o interese científico da actividade e avale a





idoneidade técnica do/a arqueólogo/a director/a. En base ós resultados das actuacións arqueolóxicas en cada fase de obra, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.

- A autorización que contempla o Artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, das actuacións previstas na contorna do Castro de Queixeiro (GA15019013), debería condicionarse aos resultados das actuacións arqueolóxicas establecidas na contorna de protección do ben (sondaxes e escavación arqueolóxica), polo que na fase previa ao inicio das obras, deberá achegarse para a súa autorización, o proxecto de intervención arqueolóxica específico. Poderanse establecer calquera nova medida que fose necesaria en función dos resultados dos traballos.

### Integración paisaxística e restauración

- Atenderase ás medidas de integración paisaxística recollidas no EIIP, xunto coas medidas de restauración vexetal que se propoñen no anexo IV do documento ambiental.

### Protección do solo e das infraestruturas

- As actividades de mantemento da maquinaria empregada farase en instalacións adaptadas para tal fin.
- As actividades de reposición de combustible faranse en instalacións adaptadas para tal fin e, no caso de non ser así, realizaranse nunha zona dotada de material impermeable para a protección do solo ante posibles vertidos.

### Programa de vixilancia e seguimento ambiental

1. Corresponde ao órgano substantivo, o seguimento do cumprimento do informe de impacto ambiental (artigo 52 da lei 21/2013).

2. A este efecto, o promotor adoptará o programa de vixilancia e seguimento ambiental deseñado que garantizará, ademais do cumprimento dos condicionantes e medidas preventivas e/ou correctoras establecidas no IIA e no documento ambiental, o cumprimento dos que, se é o caso, establezan en materia ambiental os órganos competentes na tramitación sectorial de licenzas, permisos e/ou autorizacións e aqueles outros que, derivados do seguimento, sexa necesario incorporar. Deberá aprobalo previamente o órgano substantivo.

3. Para a elaboración dese programa tomará como base o programa proposto na documentación avaliada, que deberá completarse e adaptarse ao condicionado que se deriva deste IIA. Na definición final do programa fixaranse segundo a fase (previo ao inicio das obras, durante a execución das obras e durante a explotación) a periodicidade, os indicadores e os limiares ou valores límite que se vaian utilizar en cada caso.

É importante indicar que tanto as medidas como o programa de vixilancia e seguimento ambiental deberán quedar definidos a nivel executable, debendo ademais estar presupostados ao igual que o conxunto do proxecto.

4. Tanto a elaboración como o desenvolvemento do programa de vixilancia e seguimento realizarase por persoal cualificado e coa capacidade técnica suficiente de acordo coas





normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior. Todas as mostraxes e análises externas correspondentes ao control e vixilancia da calidade das augas, se é o caso, será realizado e certificado por unha "Entidade colaboradora da administración hidráulica".

O promotor disporá do estudo preoperacional de caracterización do medio que sexa necesario co obxecto de establecer os valores de referencia para o programa de vixilancia ambiental (PVA) onde se estudarán os aspectos que serán obxecto de seguimento.

5. Ademais, o promotor elaborará un informe de seguimento sobre o cumprimento das condicións e/ou das medidas preventivas, correctoras e compensatorias establecidas e incluírá un listado de comprobación que se fará público na sede electrónica do órgano substantivo.

Ademais do obrigado cumprimento das condicións sinaladas neste epígrafe (4. Condicións ambientais), se se manifesta calquera tipo de impacto ambiental non considerado ata o momento, este órgano ambiental poderá ditar os condicionados adicionais que resulten oportunos.

## 5. Resolución

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, en base as súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático:

### RESOLVE:

De acordo cos antecedentes e como resultado da avaliación de impacto ambiental simplificada realizada, formular o informe de impacto ambiental da variante de Carballo. 1ª fase: AC-552 – AC-413 (DP-1905) - DP-1914, concluíndo que, sempre que se cumpra, ademais do recollido no documento ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado e programa de vixilancia ambiental que figuran ao longo desta resolución, non son previsibles efectos adversos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Este informe de impacto ambiental emítese sen prexuízo da obrigaición do promotor de obter todas as autorizacións, licenzas, permisos ou informes que resulten legalmente esixibles.

Mediante o anuncio que se inserirá no Diario Oficial de Galicia daráselle publicidade a este informe de impacto ambiental que estará dispoñible na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e remitirase ao órgano substantivo, para os efectos do artigo 48 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Este informe de impacto ambiental, de conformidade co apartado 4 do artigo 47 da Lei de avaliación ambiental, perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicado no Diario Oficial de Galicia, non se houbera autorizado o proxecto no prazo máximo de catro (4) anos desde a súa publicación, salvo que se acorde a prórroga da vixencia do informe de impacto ambiental nos termos previstos na lei.





De acordo co apartado 5, do artigo 47 da lei de avaliación ambiental, o informe de impacto ambiental non será obxecto de recurso algún, sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de autorización do proxecto.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María José Echevarría Moreno  
Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

